

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **DEZ DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>o</sup> MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D<sup>a</sup> MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO** e **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1<sup>o</sup>.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2<sup>o</sup>.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-**

**3<sup>o</sup>.- SUBVENCIONS.-**

**4<sup>o</sup>.- CONTRATACIÓN.-**

**5<sup>o</sup>.- URBANISMO.-**

**1<sup>o</sup>.- ACTAS ANTERIORES.-**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-las actas correspondentes ás sesións do 14, 21 e 27 de outubro de 2011.

**2<sup>o</sup>.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-**

**2.1.-** Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 4747 de data 04 de novembro de 2011, remitindo facturación correspondente ó 3<sup>o</sup> trimestre de 2011, ascendendo o total de facturación á cantidade de 127.287,33 \_.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar esta facturación e dar traslado da mesma ó departamento de Intervención.

2.2.- Escrito de Espina & Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 4746, de data 04 de novembro de 2011, remitindo relación de abonados do servizo municipal de augas que teñen recibos pendentes de pago, correspondentes dende o 1º trimestre do ano 2000 ao 2º trimestre do ano 2011, comunicando ó respecto que de non existir obxección continuarase cos trámites para que de acordo co disposto na lexislación vixente, ultimar os pertinentes expedientes de corte do suministro.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, non existindo obxección pola súa parte.

2.3.- Vista a denuncia da Patrulla do Servizo de Protección da Natureza (Seprona) da Compañía da Garda Civil de Lalín, Rexistro de Entrada nº 4742 de data 04 de novembro de 2011, contra a empresa Auto Escuela Silleda, S.L., na que se da conta da existencia dun autobús abandonado matrícula M2795FP, no lugar de Andamollo (Manduas).

Visto que o Concello de Silleda figura na citada denuncia como organismo competente ao que se remite a acta da denuncia.

A Alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Dar traslado á empresa denunciada da citada acta do Seprona, informándolles que se non se producira a retirada do vehículo depositado nun prazo de 15 días, contados a partir da correspondente notificación, poderían enfrontarse a unha sanción administrativa tipificada como grave ou moi grave na Ordenanza municipal de convivencia de residuos, limpeza viaria e ornato do Concello de Silleda, coas correspondentes sancións económicas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acepta esta proposta.

2.4.- Vista a denuncia da Patrulla do Servizo de Protección da Natureza (Seprona) da Compañía da Garda Civil de Lalín, Rexistro de Entrada nº 4741 de data 04 de novembro de 2011, contra a empresa Agromaquinaria Silleda, S.L., na que se da conta da existencia dun autobús abandonado matrícula M2747HV, no lugar de Andamollo (Manduas).

Visto que o Concello de Silleda figura na citada denuncia como organismo competente ao que se remite a acta da denuncia.

A Alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Dar traslado á empresa denunciada da citada acta do Seprona, informándolles que se non se producira a retirada do vehículo depositado nun prazo de 15 días, contados a partir da correspondente notificación, poderían enfrontarse a unha sanción administrativa tipificada como grave ou moi grave na Ordenanza municipal de convivencia de residuos, limpeza viaria e ornato do Concello de Silleda, coas correspondentes sancións económicas.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acepta esta proposta.

**2.5.-** Dase conta do informe emitido polo Electricista Municipal, sobre conexión de punto de luz no lugar de Barral, nº 23, parroquia de Cortegada (Silleda), solicitado por Dº Angel Ares García e DªRaquel Rozas Iglesias, no que se sinala:

*“A información existente neste departamento, referente o punto de luz que se solicita conectar, e a seguinte:*

- 1 Partimos dun punto de luz que apareceu posto, sin que o servizo de electricidade tivera coñecemento da súa autorización previa. Ademais e de VS-150W, cando as que se poñen no rural son de 70W.*
- 2 Informado o equipo de goberno de Dña. Ofelia Rey da existencia do novo punto de luz, ordena o corte do suministro o mesmo por non haber dado autorización.*
- 3 Despois de un tempo, o punto de luz volve a funcionar, e os electricistas volven a cortarlle a alimentación de electricidade.*
- 4 Polo que parece, desta situación resulta a solicitude presentada.*
- 5 Visitado o lugar dedúcese que o primeiro punto foi posto para alumear unha casa, pero agora hay outra nova pegada, e o punto foi colocado ó lado da entrada desta.*
- 6 Dada a situación de proximidade das vivendas, e a ubicación do punto de luz existente, non parece justificado poñer outro tan cerca, e menos desa potencia.”*

A Xunta de Goberno local, por unanimidade, acorda comunicar ó electricista municipal que proceda a retirada da farola.

### **3º.- SUBVENCIONS.**

3.1.- Pola Alcaldía Presidencia dase conta do escrito remitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, rexistro de entrada nº 4677, de data 31 de outubro de 2011, remitindo notificación de publicación da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras pola que se amplían os prazos de execución e xustificación dos proxectos subvencionados en virtude da Orde do 29 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, ata o 21 de novembro de 2011.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

### **4º.- CONTRATACIÓN.**

#### **4.1.- Abastecemento domiciliario de auga potable na parroquia de Cortegada (PPC/11)**

Visto que, na sesión da Xunta de Goberno Local, de data 21 de outubro de 2011, acordouse notificar e requerir a Construcciones Míguez Xestoso, S.L., licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días a contar dende o seguinte a aquél no que recibira o requerimento, a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da Lei de Contratos do Sector Público, e de ter constituído a garantía definitiva que consiste no 5% do importe e adxudicación, excluído o IVE

Visto que, con data 31 de outubro pola Alcaldía, se resolve adxudicar á Construcciones Míguez Xestoso, S.L.o contrato de obras "Abastecemento domiciliario de auga potable na parroquia de Cortegada (PPC/11)"

Visto todo o anterior a Xunta de Goberno por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias otorgada por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, acorda:

1º.- Nomear Director da obra e coordinador de seguridade e saúde ó Arquitecto asesor Técnico Municipal, Dº Lino Manuel Doporto Framil.

#### **5º.- URBANISMO.**

5.1.- Visto que con data 10 de outubro de 2011 ditouse providencia de Alcaldía ordeando á policía que comprobase presuntas irregularidades nunha construción que estase a levar a cabo en Siador, coa finalidade de comprobar a veracidade da denuncia realizada por Dª Mª Isabel Muras Barreira mediante escrito Rexistro de Entrada nº 4288, de data 07 de outubro de 2011.

Visto que segundo informe da Policía Local de data 11 de outubro de 2011, polo promotor da obra Dona María Celia Pilar Fernández Taboada maniféstase non posuir licenza municipal de obras.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de outubro de 2011 acordouse remitir o expediente aos servizos técnicos municipais de urbanismo para informar sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e sobre as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico.

Visto o informe emitido polo Técnico Municipal, de data 04 de novembro de 2011.

Visto todo o anterior a Xunta de Goberno por unanimidade e de conformidade coa

delegación de competencias otorgada por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, acorda:

1º.- Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística dacordo co artigo 210 da Ley 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

2º.- Notificarlle o presente acordo a María Celia Pilar Fernández Taboada, para que poida examinar o expediente e presentar as alegacións que estime oportunas, otorgándolle un prazo de dez días. Asimesmo, dase audiencia ós interesados que aparezcan no expediente para que, no mesmo prazo, aleguen o que estimen pertinente.

5.2.- Visto que con data 09 de setembro de 2011 pola Policía Local infórmase que no lugar de Ribeirao, na parroquia de Negreiros estánse levando a cabo obras de construción dunha vivenda unifamiliar e garaxe, e que o promotor da obra resulta ser Don Antonio Cabaleiro Fernández.

Visto que a citada obra carece da preceptiva licenza de obra segundo o artigo 194.2 da LOUGA.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 72.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e dos artigos 209 e 214.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, por parte da Alcaldía ordeouse a suspensión inmediata de ditos actos e ordeouse o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 27 de outubro de 2011 acordouse remitir o expediente aos servizos municipais de urbanismo para que informen sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e se as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico

Visto que, polo Arquitecto asesor Técnico Municipal, en data 03 de novembro de 2011 emítase informe técnico no que se sinala: “segundo o disposto no artigo 33 e 36 LOUGA, as obras que se están executando, aparentemente de construción de nova planta de vivenda unifamiliar, non son compatibles co planeamento vixente”.

De conformidade co artigo 214.1 da LOUGA, corresponde á persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a competencia para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade.

Visto todo o anterior a Xunta de Goberno por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias otorgada por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011,

acorda:

- 1.- Darlle traslado dos documentos obrantes no expediente a Consellería de Urbanismo a fin de que, se proceda, tramite o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 2.- Notificar o presente acordo a Don Antonio Cabaleiro Fernández.

**5.3.-** Visto que con data 14 de outubro de 2011 ditouse providencia de Alcaldía ordeando á policía a realización de inspección dunha construción de nova planta e que se informe se a obra dispón ou non de licenza para acometer estes traballos.

Visto que pola Policía Local, en data 18 de outubro de 2011 infórmase que no lugar de Rosende, na parroquia de Ponte, estánse levando a cabo obras de construción dunha edificación, promovidas por Don Antonio González Sánchez, e que éstas non se corresponden coa licenza de obra presentada polo promotor das mesmas.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 27 de outubro de 2011 acordouse remitir o expediente aos servizos municipais de urbanismo para que informen sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e se as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico

Visto que, polo Arquitecto asesor Técnico Municipal, en data 04 de novembro de 2011 emítase informe técnico no que se sinala: "segundo o disposto no artigo 33 e 36 LOUGA, as obras que se están executando, aparentemente de construción de nova planta de vivenda unifamiliar, non son compatibles có planeamento vixente".

De conformidade co artigo 214.1 da LOUGA, corresponde á persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a competencia para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade.

Visto todo o anterior a Xunta de Goberno por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias otorgada por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, acorda:

- 1.- Darlle traslado dos documentos obrantes no expediente a Consellería de Urbanismo a fin de que, se proceda, tramite o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 2.- Notificar o presente acordo a Don Antonio González Sánchez.

**5.4.-** Visto que con data 21 de outubro de 2011 ditouse providencia de Alcaldía ordeando á policía a comprobación de realización de obras de desmonte para canalización dun regato en Castrocastríño, parroquia de Piñeiro, así como alterar o curso do mesmo, segundo denuncia formulada por Dº Antonio González Gonzalez, mediante escrito con rexistro de entrada nº 4548 de data 20 de outubro de 2011.

Visto que pola Policía Local, en data 24 de outubro de 2011 infórmase que no lugar de Castrocastríño, na parroquia de Piñeiro estánse levando a cabo obra de rebaixe de terreo nunca finca e recheo noutra cercana e que a promotora da obra resulta ser Dona Ofelia Emilia Recimil Gacía.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 27 de outubro de 2011 acordouse remitir o expediente aos servizos municipais de urbanismo para que informen sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e se as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico.

Visto que, polo Arquitecto asesor Técnico Municipal, en data 04 de novembro de 2011 emítese informe técnico no que se sinala: "As obras que se están executando, segundo o informe da Policía Local, de desmonte e recheo de terreo, están definidas no artº 35.3 LOUGA "Limitacións de apertura de camiños e movementos de terras: (...) Con carácter xeral quedan prohibidos os movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos rústicos, agás nos casos expresamente autorizados por esta lei." Por tanto, cómpre adoptar medidas de protección da legalidade urbanística, segundo establece o artigo 214 da citada LOUGA e concordantes.

De conformidade co artigo 214.1 da LOUGA, corresponde á persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a competencia para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade.

Visto todo o anterior a Xunta de Goberno por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias otorgada por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, acorda:

- 1.- Darlle traslado dos documentos obrantes no expediente a Consellería de Urbanismo a fin de que, se procede, tramite o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 2.- Notificar o presente acordo a Dona Ofelia Emilia Recimil García..

**5.5.-** Visto que con data 21 de outubro de 2011 ditouse providencia de Alcaldía ordeando á policía a comprobación de realización de obras de desmonte para canalización dun regato en Castrocastríño, parroquia de Piñeiro, así como alterar o curso do mesmo, segundo denuncia formulada por Dº Antonio González Gonzalez, mediante escrito con rexistro de entrada nº 4548 de data 20 de outubro de 2011.

Visto que pola Policía Local, en data 24 de outubro de 2011 infórmase que no lugar de Castrocastríño, na parroquia de Piñeiro estánse levando a cabo obra de rebaixe de terreo nunca finca e recheo noutra cercana e que o promotor da obra resulta ser Don Carlos Rey Domínguez.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 27 de outubro de 2011

acórdouse remitir o expediente aos servizos municipais de urbanismo para que informen sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e se as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico.

Visto que, polo Arquitecto asesor Técnico Municipal, en data 04 de novembro de 2011 emítese informe técnico no que se sinala: "As obras que se están executando, segundo o informe da Policía Local, de desmonte e recheo de terreo, están definidas no art 35.3 LOUGA "Limitacións de apertura de camiños e movementos de terras: (...) Con carácter xeral quedan prohibidos os movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos rústicos, agás nos casos expresamente autorizados por esta lei." Por tanto, cómpre adoptar medidas de protección da legalidade urbanística, segundo establece o artigo 214 da citada LOUGA e concordantes.

De conformidade co artigo 214.1 da LOUGA, corresponde á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a competencia para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade.

Visto todo o anterior a Xunta de Goberno por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias otorgada por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, acorda:

- 1.- Darlle traslado dos documentos obrantes no expediente a Consellería de Urbanismo a fin de que, se procede, tramite o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 2.- Notificar o presente acordo a Don Carlos Rey Domínguez.

5.6.- Visto que existen dúbidas sobre si as órdenes de paralización son incumplidas ou non, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Como forma de comprobación de que se cumpren as órdenes de paralización das obras que, por parte da policía Local, se realicen fotos do estado das obras no momento da paralización.

2º.- Dar traslado deste acordo á Policía Local.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as quince horas e quince e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,



A SECRETARÍA

